



Alumno:

Instrumento

**Resposte ás seguintes preguntas sobre a análise da obra proposta.**

**As respostas deben recollerse na táboa da última páxina indicando cun X a letra correspondente á opción escollida, sen tachaduras nin marcas de ningún tipo nos outros cadros. Non se pode escribir a lápiz.**

**As respostas correctas sumarán 0,5 puntos, as incorrectas restarán 0,1 puntos e as preguntas en branco non puntuarán. A tal efecto indicárase no cadro correspondente o número total de preguntas respostadas.**

1. Cal é a forma deste movemento?
  - a) Rondó-sonata
  - b) Sonata
  - c) Rondó
  - d) Lied
2. Onde remata o grupo temático A?
  - a) No compás 8
  - b) No compás 26
  - c) No compás 20
  - d) No compás 14
3. En qué tonalidade está o primeiro tema?
  - a) Do maior
  - b) Sol menor
  - c) Re menor
  - d) Sol maior
4. O grupo temático A, ademais de figurar no comezo da obra tamén aparece máis adiante. Dende o punto de vista da tonalidade, ¿cales son as diferencias entre a primeira e a segunda aparición do grupo temático A?
  - a) A primeira frase da segunda aparición do grupo temático A está modificada e agora se presenta no tono relativo, La menor.
  - b) A tonalidade da segunda presentación do grupo temático A está na rexión da Dominante.
  - c) Na segunda aparición do grupo temático A, a segunda frase cambia ó modo menor da mesma tonalidade
  - d) As dúas aparicións son idénticas tonal e modalmente excepto algúns pequenos cambios no deseño melódico
5. O fragmento resaltado co número 1 é unha cadencia...
  - a) Plagal perfecta en Do maior
  - b) Non se produce unha cadencia nese momento
  - c) Auténtica imperfecta en Do maior
  - d) Auténtica perfecta en Do maior
6. Onde se atopa unha cadencia rota?
  - a) No compás 16
  - b) Ningunha é correcta
  - c) Entre os compases 20 e 21
  - d) No compás 19
7. A modulación que acontece entre os compases 21 e 27 é:
  - a) Modulación cromática
  - b) Modulación por enarmonía
  - c) Modulación diatónica
  - d) Modulación por cambio de modo
8. A textura entre o compás 35 e o 42 é:
  - a) Homofónica
  - b) Melodía acompañada
  - c) Polifónica
  - d) Complexa

9. Qué estrutura ten o acorde do compás 50?
- Sétima diminuída
  - Sétima de sensible
  - Sétima de dominante
  - Sexta napolitana
10. En qué tonalidade está o fragmento resaltado co número 2?
- Do maior
  - Mi menor
  - Re maior
  - Sol maior
11. En qué compás aparece unha 6/4 cadencial?
- Compás 12
  - Compás 17
  - Compás 38
  - Compás 25
12. No grupo temático B, a primeira frase é:
- Tética
  - Anacrúsica
  - Acéfala
  - Feminina
13. Nos compases 79 ó 81, as corcheas definen un acorde que ten unha función harmónica na tonalidade dese fragmento. Cal é esa función?
- Tónica
  - Subdominante
  - Dominante da dominante
  - Dominante do tono dese fragmento
14. Cal é a tonalidade no fragmento resaltado co número 3?
- Re menor
  - Fa maior
  - Si bemol maior
  - Sol menor
15. O material que existe entre os compases 73 e 78:
- É unha transformación de motivos que aparecen nas partes modulantes e na Coda
  - Está derivado do grupo temático B
  - É un material novo
  - Está derivado do grupo temático A
16. Cal é a tonalidade do grupo temático B na súa segunda aparición na obra?
- La menor
  - Sol maior
  - Do maior
  - Re menor
17. A transformación máis significativa dos compases 103 e 104, respecto á súa aparición anterior, está feita no plano:
- Dinámico
  - Melódico
  - Rítmico
  - Harmónico
18. Nos compases 124, 125 e 126 a textura é:
- Homorrítmica
  - Contrapuntística
  - Mixta
  - Melodía acompañada
19. Cal é a sucesión de funcións harmónicas fundamentais do fragmento resaltado co número 4?
- V/II – II – V – I – VI – II – V – I
  - I – II – VII – I – VI – IV – V – I
  - VI – II – VII – I – VI – IV – V – I
  - VI – V – V – I – IV – IV – V – I
20. Nos derradeiros compases da obra acontece algo formalmente significativo:
- Inclúese material que o compositor usou noutra obra moi coñecida
  - Inclúense fragmentos transformados no desenrollo da peza
  - Úsase o material máis importante do grupo temático B
  - Inclúese material inicial do grupo temático A

## RESPOSTAS:

	A	B	C	D
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
9				
10				
11				
12				
13				
14				
15				
16				
17				
18				
19				
20				

Número de perguntas respondadas

---

Sinatura do aluno: